



## Concello de Arbo

**Expediente Gestiona: 227/2024**

**Procedemento:** Contratación execucións das obras do “**INSTALACION DE AEROTERMIA EN CAMPO DE FUTBOL E SUBSTITUCION DE LUMINARIAS EN PAVILLÓN MUNICIPAL DE ARBO**”, tras subvención concedida ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no artigo 59.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2024 (código de procedemento PR486B).

**Orzamento base licitación das obras: 63.395,41€.-** (IVE do 21% incluído que ascende a **11.002,51€**)

### INFORME DE INTERVENCION

En relación coa contratacións de execución das obras públicas incluídas no “**INSTALACION DE AEROTERMIA EN CAMPO DE FUTBOL E SUBSTITUCION DE LUMINARIAS EN PAVILLÓN MUNICIPAL DE ARBO**”, tras subvención concedida ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no artigo 59.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2024 (código de procedemento PR486B), e aos efectos de determinar o órgano competente para contratar, emítese o seguinte, **INFORME:**

Á vista do importe da contratación das obras que ascende a un total de **63.395,41 €.-** (IVE do 21% incluído que ascende a **11.002,51€**), conforme á documentación técnica que consta no expediente; e, ao non superar o referido importe do contrato o 10% dos recursos ordinarios do orzamento prorrogado cara o exercicio 2024, o órgano competente sería a Alcaldía.

Todo elo, sen prexuízo das delegacións efectuadas na Xunta de Goberno Local en Resolución de 21 de xuño de 2023, sendo as competencias de contratación delegadas pola Alcaldía no referido órgano colexiado municipal, a excepción dos contratos menores. Polo tanto, neste caso a competencia atoparíase delegada ao non atoparnos ante un contrato menor polo importe da referida contratación que sen IVE ascende a 52.392,90 euros.

A Secretaria-Interventora. Patricia Hernández Estévez. *Sinatura dixital á marxe.*

